



POSTA DE LONGO DOS BIBERONS EN PRADOS VELLOS.

Unha vez rematado o Torneo de Fútbol Sala organizado pola AFACO, retómase o Torneo de Fútbol - 7.

Este Torneo, xa se iniciara alá polo mes de outubro de 2010, rematándose a primeira volta do mesmo a finais de novembro. A próxima semana retómase a competición cos partidos de volta. Pero antes de inicialos, os de Ares terán que disputar o partido correspondente á primeira xornada do Torneo, que no seu día se tivo que aprazar por causa do mal tempo. A posta de longo dos biberóns en Prados Vellos nesta nova experiencia, terá lugar o próximo, luns 21 de marzo, ás 16:30 horas, co partido "NUMANCIA - NEDA.

Xa o venres 25, ás 17:00, celebrarase no campo Municipal de Neda o partido de volta, correspondente á 6ª xornada do Torneo de Fútbol - 7 organizado pola AFACO, onde os de Ares terán que volver baterse de novo co Neda, pero nesta ocasión no seu feudo.